

ORDENANZA MUNICIPAL NÚM. 48

REGULAMENTO DO MERCADO MUNICIPAL DE VILALBA (LUGO)

PREÁMBULO.

TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS.

TÍTULO II. RÉXIME DE CONCESIÓN DOS POSTOS.

TÍTULO III. EXTINCIÓN DO DEREITO DE OCUPACIÓN.

TÍTULO IV. DEREITOS E OBRIGAS DOS CONCESIONARIOS.

TÍTULO V. EXERCICIO DA ACTIVIDADE.

TÍTULO VI. FUNCIONAMENTO DO MERCADO.

TÍTULO VII. OBRAS, INSTALACIÓNS E SERVIZOS.

TÍTULO VIII. RÉXIME DISCIPLINARIO.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA.

DISPOSICIÓN FINAL.

PREÁMBULO.

O mercado municipal, situado na planta baixa a nivel da rúa dos Pepes do edificio da antiga praza de abastos de Vilalba, é de titularidade municipal e a súa función principal é o abastecemento de diferentes produtos á poboación, cunha oferta diversa e equilibrada, exercendo, á vez, de impulso dinamizador do comercio tradicional na localidade.

Para que o servizo de mercado se preste dunha forma eficaz, deben involucrarse, en primeiro lugar e directamente, os concesionarios, asumindo responsabilidades na súa xestión coa fin de adaptar os seus servizos ás esixencias dos consumidores, e, en segundo lugar, esta Administración, establecendo unhas normas reguladoras do seu réxime interior mediante este regulamento.

TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS.

Artigo 1. O presente regulamento ten por obxecto a regulación da actividade comercial do Mercado Municipal de Vilalba, servizo público municipal, de conformidade co que se dispón no **artigo 25.2 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das**

bases de réxime local.

Artigo 2. De conformidade co establecido no **artigo 79 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local**, o edificio, na súa totalidade, é de propiedade do Concello de Vilalba e ten a consideración de ben de dominio público, afecto ao servizo público de mercado.

Artigo 3. O mercado é un centro de abastecemento establecido polo Concello, fundamentalmente, para a venda polo miúdo de artigos alimenticios, podendo ser autorizada a venda doutros xéneros e artigos non pertencentes á rama da alimentación que satisfagan as necesidades da poboación, e se rexeran polo presente regulamento e demais disposicións legais ou regulamentarias que lles afecten.

Artigo 4. O mercado municipal ten a condición de servizo público, polo que o Concello exercerá sobre el a intervención administrativa, a inspección, vixilancia e cantas funcións impliquen de autoridade.

Artigo 5. A prestación deste servizo desenvolverase de acordo co establecido neste regulamento e resolucións que, en aplicación deste, se ditén. Os vendedores non poderán tomar medidas ou adoptar resolucións por si mesmos, contrarios a este regulamento.

Artigo 6. A forma de xestión do servizo será en réxime de xestión directa polo Concello, sen organización especializada, conforme autoriza o **artigo 85 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local**, desenvolvéndose o réxime financeiro do centro dentro das oportunas consignacións do **Presuposto Xeral da Corporación**, o cal inclúe os gastos habituais e normais de mantemento e conservación do centro (limpeza, auga, subministración eléctrica, reparacións, etc.), os gastos de investimento novo ou de reposición, e os gastos que orixinen as actividades programadas e organizadas polas diversas concellarías.

TÍTULO II. RÉXIME DE CONCESIÓN DOS POSTOS.

Artigo 7. Natureza Xurídica. A ocupación e explotación dos postos de venda situados no mercado de abastos teñen a natureza xurídica de uso privativo normal de bens de dominio público, conforme establece o **artigo 75. 2º do Regulamento de bens das entidades locais**, aprobado polo **Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, o artigo 85.3 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas**, a **Lei 5/2011, do 30 de setembro, de patrimonio da comunidade autónoma de Galicia**, e a **Lei 5/1997, da administración local de Galicia**.

Artigo 8. O servizo nos postos de venda do mercado de abastos será prestado baixo a modalidade de concesión administrativa. O titular da dita concesión xestionará o posto de venda nas condicións contidas no documento administrativo suscrito co Concello para a xestión do servizo e, en todo caso, polo que se dispón no presente regulamento.

Artigo 9. Os concesionarios poderán ser persoas físicas ou xurídicas, con capacidade xurídica e de obrar, que non se encontren incurso nalgún dos casos de incapacidade ou incompatibilidade sinalados na normativa sobre contratación administrativa.

Artigo 10. As concesións administrativas dos postos adxudicaranse en réxime de pública concorrencia por procedemento aberto, no cal toda persoa interesada poderá presentar unha solicitude. Utilizaranse criterios obxectivos para a adxudicación das concesións, que deberán figurar no correspondente prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación. Non obstante, poderase utilizar a fórmula do sorteo cando, coa finalidade de promover a ocupación dos postos de venda, non se considere oportuno fixar un tipo económico de licitación á alza nin existan circunstancias obxectivas que permitan diferenciar entre os posibles licitadores.

Artigo 11. Adxudicación Directa. Cando resulte debidamente acreditada a falta de demanda na ocupación dos postos, ou cando fose declarado deserto un procedemento de pública concorrencia, as concesións administrativas poderanse outorgar directamente ás persoas que así o soliciten, especificando a actividade comercial a desenvolver, sempre que cumpran os requisitos esixidos no presente regulamento para poder optar a ocupar un posto de venda. Neste suposto, as solicitudes de ocupación pódense outorgar directamente, debendo resolver e notificar a resolución no prazo de 2 meses. A falta de resolución expresa e de notificación no prazo máximo indicado habilitará ao petionario para entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

Artigo 12. O órgano municipal competente para a adxudicación dos postos de venda do mercado de abastos, será o Pleno municipal o órgano delegado. Unha vez adxudicada, a concesión haberá de formalizarse en documento administrativo, no prazo máximo de 2 meses dende a dita adxudicación. A posta en marcha efectiva por parte do adxudicatario levarase a cabo no prazo de 1 mes, salvo motivos xustificadas.

Artigo 13. A concesión dun posto no mercado non inclúe a autorización para o exercicio do comercio. Este dereito haberá de adquirirse polos titulares das concesións por medio

do cumprimento dos requisitos vixentes para a apertura do establecemento comercial, someténdose ao réxime da comunicación ambiental ou da licenza ambiental, segundo corresponda.

Artigo 14. Prazo de Concesión.

1. As concesións administrativas serán outorgadas polo prazo que se determine nos respectivos pregos de condicións e como máximo por un período de 10 anos, e prórroga doutros 10, pasados os cales se procederá a unha nova licitación para a súa adxudicación, de conformidade con este regulamento.

2. O dito prazo comezará a contarse dende a data en que se formalice a concesión en documento administrativo.

3. Unha vez transcorrido o prazo da concesión, os postos de venda consideraranse vacantes e os comerciantes que no dito momento ostenten a concesión deixarán o espazo, obxecto desta, libre, retirando os seus xéneros e aparellos, e se non o fixesen, procederase á execución subsidiaria por este Concello, que poderá acordar e executar o lanzamento por vía administrativa, e os elementos, mercadorías, aparellos, etc. que permanezan no posto de venda quedarán en propiedade municipal, que poderá dispoñer deles libremente.

Artigo 15. O comercio no mercado exercerase polos titulares dos postos, podendo, tamén, exercer a actividade en nome do titular o seu cónxuxe e parentes de primeiro grao, así como os seus empregados, sempre que estean dados de alta na Seguridade Social.

Nos postos ocupados polos titulares das explotacións a que se refire o **Decreto 125/2014, do 4 de setembro**, polo que se regula en Galicia a venda directa dos produtos primarios dende as explotacións á persoa consumidora final o comercio exercerase directamente polas persoas titulares da explotación, parentes en primeiro grao que colaboran na actividade agraria ou empregados da explotación.

Artigo 16. Limitación Número de Postos.

1. Ningún vendedor e o seu cónxuxe e fillos que convivan cos seus pais ou outros parentes de primeiro grao en idéntica situación, poderán posuír máis de dous postos.

2. No suposto de que os fillos maiores de idade, de vendedores que non convivan cos seus pais adquiren, con posterioridade a estes, concesións doutros postos do

mercado, estas licenzas non se computarán para os efectos de limitación do número anterior.

Artigo 17. Se un posto quedase vacante polo falecemento do alugador adxudicatario, o cónxuxe ou os fillos terán dereito a ocupalo, sempre que o soliciten no prazo dos 2 meses seguintes á morte do titular e ata a data de finalización da concesión orixinal, coa conformidade do resto de herdeiros. Se esta transmisión leva implícita un cambio de actividade, deberá ser autorizado previamente polo Concello.

Artigo 18. Nos casos de incapacitación do concesionario, o posto poderá ser xestionado polo representante legal deste, despois da acreditación oficial de incapacitación.

Artigo 19. Cando, durante o prazo de explotación da concesión e antes de finalizar este, un adxudicatario tivese que cesar na explotación por motivo de xubilación, o seu cónxuxe ou fillos poderán ser titulares da concesión, sempre que así o soliciten dentro dos 2 meses seguintes á data de cesamento do titular. Esta nova titularidade terá efectividade ata a data límite da concesión inicial.

Artigo 20. Soamente poderá existir un titular por cada posto de venda.

Artigo 21. A concesión do dereito de ocupación, uso e goze sobre os postos non poderá cederse ou transmitirse a terceiros, agás no disposto no presente regulamento e despois da autorización do Concello.

Artigo 22. Poderanse realizar permutas de postos ou de actividade, cando ambos os dous titulares estean de acordo e sexa autorizado polo Concello.

TITULO III. EXTINCIÓN DO DEREITO DE OCUPACIÓN.

Artigo 23. Sen prexuízo do disposto noutros preceptos deste regulamento, os dereitos de concesión dos postos extínguense, sen xerar dereito a indemnización, polos seguintes supostos:

- a) Finalización do prazo de adxudicación.
- b) Renuncia expresa e escrita do titular.
- c) Causas sobrevidas de interese público, aínda antes de rematar o prazo polo que se outorgou.
- d) Cesión ou traspaso do posto a un terceiro, salvo o disposto para este suposto neste regulamento.

- e) Perda dalgunha das condicións esixidas para optar á autorización.
- f) Permanecer pechado o posto para a venda por máis de 2 meses consecutivos, salvo causa xustificada e autorizada polo Concello.
- g) Grave incumprimento das disposicións sanitarias ou das ordes recibidas sobre limpeza e hixiene dos postos.
- h) Disolución da persoa xurídica titular.
- i) Falecemento do titular, salvo o disposto para este suposto no presente regulamento.
- j) Ser sancionado por infracción moi grave ou por desenvolver unha conduta comercial que, sendo incorrecta, produza evidentes e graves prexuízos aos consumidores, competidores ou demais usuarios do mercado.

Artigo 24. Á extinción dos dereitos de ocupación, calquera que fose a causa, os titulares haberán de deixar baleiros e en perfectas condicións os postos a disposición do Concello. En caso contrario, o Concello poderá acordar e executar as actuacións pertinentes para deixar baleiro o posto e o seu acondicionamento, sendo de conta dos titulares os gastos que iso ocasionase á Administración.

TITULO IV. DEREITOS E OBRIGAS DOS CONCESIONARIOS.

Artigo 25. O Concello outorgará a debida protección aos concesionarios dos postos para que poidan prestar debidamente o servizo.

Artigo 26. O Concello non asumirá responsabilidade por danos, subtraccións ou deterioracións de mercadorías dentro do mercado.

Artigo 27. Os titulares dos postos para o exercicio da súa actividade comercial ou de servizos, deberán cumprir os seguintes requisitos:

- 1- Respetar as condicións esixidas na normativa reguladora dos produtos obxecto de comercio, en especial daqueles destinados a alimentación humana. As persoas que vaian manipular os alimentos deberán estar en posesión do certificado correspondente acreditativo da formación como manipulador de alimentos.
- 2- Usar os postos, unicamente, para a venda e depósito de mercadorías propias do seu negocio.
- 3- Ter exposto ao público, en lugar visible, os prezos de venda das mercadorías, que serán finais e completas, impostos incluídos. Ademais, deberá facerse referencia, se procede, ao lugar de orixe, variedade, categoría e calibre.

- 4- Entregar, salvo renuncia do interesado, recibo, ticket ou factura da venda realizada.
- 5- Ter a disposición das persoas consumidoras e usuarias as follas de queixas e reclamacións, de acordo co modelo regulamentariamente establecido.
- 6- Estar dado de alta no epígrafe correspondente, e ao corrente no pagamento do imposto de actividades económicas ou, en caso de estar exentos, estar dado de alta no censo de obrigados tributarios.
- 7- Estar dado de alta no réxime da Seguridade Social que corresponda, e ao corrente no pagamento das súas cotizacións.
- 8- Estar ao corrente no pagamento das obrigas tributarias.
- 9- Manter en bo estado, limpo e libre de obstáculos e residuos o posto de venda.
- 10- A realizar o depósito ou vertedura de residuos de forma selectiva, nos lugares designados polo Concello, trasladándoos en bolsas, que impidan perder ou derramar o seu contido, o cal, baixo ningún concepto, poderá ser botado aos corredores ou outros lugares comúns.
- 11- Facilitar os datos e comprobacións oportunas que lles sexan solicitados pola Administración ou Servizos Sanitarios.
- 12- Dispoñer dos instrumentos de pesar e medir necesarios, que deberán axustarse aos modelos homologados oficialmente, procurando o uso de balanzas automáticas, que se colocarán de forma que o peso poida ser visto e comprobado polos compradores.
- 13- Aboar o importe dos danos e prexuízos que o titular, familiares ou dependentes deste, causen nos bens obxecto da concesión, nas súas instalacións ou no edificio do mercado.
- 14- Non colocar vultos, envases ou mercadoría nos corredores durante o horario de funcionamento do mercado.
- 15- Cumprir os requisitos relativos aos produtos primarios e á súa obtención, Presentación dos produtos e información alimentaria, esixidos no **Decreto 125/2014, do 4 de setembro**, polo que se regula en Galicia a venda directa dos produtos primarios dende as explotacións á persoa consumidora final.

16- Cumprir as condicións que respecto a vestiario, papelería, bolsas, envoltorios, embalaxe, rotulación, publicidade, simboloxía ou sinalización establece o Concello.

17- Todos os adxudicatarios virán obrigados ao cumprimento das obrigas dimanantes do presente regulamento.

Artigo 28. Os concesionarios dos postos, antes de proceder á sinatura do documento administrativo correspondente e á súa ocupación, veñen obrigados a presentar no Concello a seguinte documentación:

- Copia Documento Nacional de Identidade, CIF, NIE ou pasaporte.
- Alta Imposto de Actividades Económicas.
- Alta na Seguridade Social, no réxime correspondente do persoal que vaia exercer a venda no posto e certificado de atoparse ao corrente no pagamento das súas cotizacións.
- Certificado expedido pola Axencia Tributaria acreditativo de acharse ao corrente no pagamento das súas obrigas tributarias.
- Carné ou certificado acreditativo da formación como manipulador de alimentos, cando o tipo de artigos a expender así o requira.
- En caso de asociación sen ánimo de lucro, con obxectivos benéficos, copia de escritura da súa constitución.

No caso de que os concesionarios dos postos sexan as persoas titulares das explotacións, parentes en primeiro grao que colaboran na actividade agraria, ou empregados destas, incluídas dentro do ámbito de aplicación do **Decreto 125/2014, do 4 de setembro**, polo que se regula en Galicia a venda directa dos produtos primarios dende as explotacións á persoa consumidora final, deberán achegar a inscrición no **Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (Reaga)**, así como a comunicación á consellería competente por razón da materia, a súa intención de acollerse a este réxime, para a súa inscrición de oficio na sección de explotacións acollidas ao réxime de venda directa (SEVEDI).

Artigo 29. Queda terminantemente prohibida a cesión dos postos, salvo cos requisitos e autorizacións previstas neste regulamento. De non se cumprir o disposto nos artigos anteriores, ocupándose o posto por persoas distintas aos designados como titulares, entenderase, salvo proba en contrario, que o posto se cedeu ilegalmente, o que determinará a perda do dereito de ocupación, uso e goze deste, sen ningunha indemnización, e sen prexuízo da sanción económica correspondente.

Artigo 30. Todos os postos pechados por espazo de máis de 2 meses consecutivos ou

3 meses alternos, salvo causa xustificada a criterio do Concello ou que o titular obtivese o permiso municipal oportuno, se declarará vacante.

O prazo establecido no número anterior deste artigo, non será interrompido pola apertura do posto por un ou varios días, para o efecto de simular unha aparencia de venda.

Enténdese que existe simulación cando a cantidade e clase de artigos postos á venda non correspondan ao que pode considerarse actividade normal do posto.

Artigo 31. O concesionario dun posto non obterá ningún tipo de dereito á finalización do seu prazo de concesión, e, pola contra, vén obrigado a entregar as instalacións en perfecto estado de mantemento.

TITULO V. EXERCICIO DA ACTIVIDADE.

Artigo 32. Os titulares dos postos do mercado municipal a titulo xeral, deberán exercer a súa actividade de venda durante as horas e días sinalados e fixados polo Concello.

Artigo 33. En caso de pechar o posto de venda por período vacacional, non superior a 1 mes, deberá ser posto en coñecemento do Concello con 15 días de antelación e autorizado por este.

Artigo 34. Todos os vendedores manterán o posto nas debidas condicións de limpeza e hixiene necesarias.

Artigo 35. Corresponde aos concesionarios dos postos de venda atender a limpeza dos seus respectivos postos e demais instalacións adscritas a estes, diariamente. No resto de zonas comúns do mercado municipal a limpeza efectuaraa o persoal deste Concello, tamén de forma diaria.

Artigo 36. Os titulares dos postos de venda arbitrarán as medidas necesarias para evitar que, sobre os produtos destinados ao consumo, poidan depositarse insectos, po ou sucidade, que poidan contaminar os produtos que se poñen á venda. Para evitar o exposto, os produtos deberán conservarse en caixas, vitrinas ou cámaras, conforme ao regulamentariamente establecido.

Artigo 37. Queda prohibido que os compradores toquen ou manexen entre as súas mans os produtos alimenticios que non leven envoltura ou sen o uso de luvas ou pinzas e poidan ser obxecto de contaminación, sendo diso responsable o expendedor. Igualmente, deberán adoptar estas medidas os vendedores, cumprindo coa normativa

hixiénico-sanitaria.

Artigo 38. Só poderá utilizarse para envolver os alimentos papel ou calquera tipo de envase cuxo emprego, con tal finalidade, sexa admitido pola normativa vixente. O papel usado na pesaxe dos produtos deberá ser destarado de forma que este non sexa engadido como peso do produto.

Artigo 39. Todos os produtos de alimentación deberán estar en perfectas condicións de presentación e sanidade para a súa venda.

Artigo 40. Queda totalmente prohibida a venda de animais vivos dentro do recinto do mercado municipal.

Igualmente, para os efectos hixiénico-sanitarios, tanto os vendedores, como os compradores, absteranse de concorrer ao recinto do mercado de abastos con cans (agás cans guías ou outros autorizados por lexislación en vigor) ou outros animais.

Artigo 41. Queda expresamente prohibida a venda de produtos de pesca que non cumpran os talles mínimos establecidos, procedéndose pola inspección sanitaria á inmediata intervención das mercadorías afectadas e postas a disposición da autoridade competente.

Artigo 42. Os titulares dos postos do mercado deberán cumprir as ordes ou disposicións que dite a inspección veterinaria.

Artigo 43. Os vendedores veñen obrigados a manter un correcto trato e bos modais para cos seus compradores, evitando toda discusión e calquera tipo de palabras ofensivas que atenten contra a dignidade das persoas que concorran ao mercado. Cando un comprador se considere ofendido ou mal atendido polos vendedores, poderá formular, por escrito, a oportuna queixa no rexistro xeral de documentos deste Concello.

Artigo 44. O Concello poderá celebrar outras actividades de promoción comercial nas instalacións do mercado municipal e nos postos vacantes, tales como Feira de Comercio ou Feira de Carnaval, Nadal, Queixo, Capón ou calqueroutra que se organice pola concellaría, para os efectos de potenciar a actividade comercial da localidade, facéndoos partícipes destas.

TITULO VI. FUNCIONAMENTO DO MERCADO.

Artigo 45. O mercado funcionará de luns a venres, de 9 a 14 h, e de 16 a 20:30 h, os sábados e domingos de feira de 9 a 14 h. Os sábados pola tarde, resto de domingos e días festivos, permanecerá pechado.

Este horario de funcionamento poderá ser modificado polo Concello, mediante resolución da alcaldía, sempre que existan circunstancias que así o aconsellen.

Artigo 46. Os titulares dos postos ou os dependentes, no seu caso, poderán entrar ao mercado media hora antes da sinalada para a venda ao público e saír media hora despois. O vendedor que necesite máis tempo para a preparación ou retirada dos produtos deberá solicitar autorización expresa da alcaldía ou concelleiro responsable.

Fóra deste horario, non se permitirá a permanencia no mercado de ningunha outra persoa, salvo as autorizadas polo Concello.

Artigo 47. Os titulares dos postos poderán solicitar ao Concello o peche do posto por vacacións por un período máximo de 1 mes ao ano ou por outros motivos debidamente xustificadas.

Artigo 48. A descarga dos xéneros realizarase no lugar habilitado para iso.

Artigo 49. Os vendedores poderán informar, de viva voz, da natureza e prezo da mercadoría, pero non poderán, de viva voz, chamar ou interesar na compra aos posibles compradores.

Artigo 50. Todos os asistentes ao mercado veñen obrigados, durante a súa permanencia neste, a non tirar desperdicios, ósos, peles ou residuos similares nas súas instalacións fóra dos recipientes habilitados para o efecto.

Artigo 51. As augas sucias serán vertidas mediante sistema adecuado á actividade, a través da rede de sumidoiros, non permitíndose o depósito en cubos ou calquer outro recipiente.

Artigo 52. Non se deixarán nos postos ningunhas substancias que produzan mal olor ou que poida prexudicar as súas condicións hixiénicas.

Artigo 53. Antes de pechar os seus postos, os vendedores examinarán se se tomaron as medidas que eviten as causas posibles de ocasionar incendios.

Artigo 54. Sendo o mercado de abastos lugar de oferta pública de produtos

alimenticios para o consumo, poderase autorizar a concesión de postos destinados á venda polo miúdo de diversos produtos incluídos en: carnizarías, tenda de venda de polos e aves, casquerías, overías, peixarías, carnizarías, salazóns, conxelados, froitos secos, froitarías, panadaría-bolería, confeitaría, curtidos, herbolarios.

Así mesmo, autorízase a venda dos produtos a que se refire o **Decreto 125/2014, do 4 de setembro**, polo que se regula en Galicia a venda directa dos produtos primarios dende as explotacións á persoa consumidora final.

Tamén se poderá autorizar a venda doutros produtos que non sendo alimenticios satisfagan as necesidades da poboación, tal como: droguaría, enxoval, artigos de regalo, floraría, roupa, calzado e artigos propios de quiosco ou similares.

Así mesmo, de forma puntual, e despois da autorización da Administración, poderán realizar dentro do seu posto cursos de aprendizaxe, exhibicións ou mostras, coa fin de dar a coñecer os seus produtos de venda, sen abandonar a súa actividade principal de venda pola que foi adxudicado o posto.

No caso de que se pretenda a venda dalgún produto ou servizo non relacionado ou non afín aos anteriores, será competencia do Concello resolver sobre a súa autorización.

Artigo 55. O Concello resérvase determinar o destino e número de posto de cada actividade.

Artigo 56. O Concello resérvase, igualmente, a potestade de variar a distribución dos postos adxudicados para conseguir unha organización máis racional destes, procurando que esta variación non derive nun prexuízo económico para o titular.

TITULO VII. OBRAS. INSTALACIÓNS E SERVIZOS.

Artigo 57. Sen previo permiso da Administración municipal non poderán practicarse obras nin instalacións de ningunha clase nos postos do mercado.

Artigo 58. Correrán a cargo dos titulares as obras de construción, melloras e adaptación dos postos de venda do mercado, para a súa mellor explotación, así como cantas instalacións tivesen que realizarse naqueles e os gastos de conservación dos ditos postos e instalacións.

Artigo 59. Cantas obras e instalacións se realicen nos postos e queden unidas de modo permanente ao piso, paredes e demais elementos integrantes do inmovible do

mercado, quedarán de propiedade municipal, unha vez concluído ou rescindido o contrato de adxudicación, sen dereito a indemnización de ningún tipo.

Artigo 60. O Concello poderá efectuar as reformas que considere necesarias no mercado municipal, sen que os concesionarios poidan esixir ningunha indemnización pola redución de vendas motivadas por tales reformas. O Concello comunicará, con antelación, o alcance da reforma e o tempo previsto.

Artigo 61. Serán de conta dos titulares os abonos polos consumos de auga e electricidade así como calquer outro gasto de que se beneficie ou sexa necesario, exclusivamente, para o titular polos seus usos particulares nos postos que ocupen. Os ditos gastos haberán de atenderse mediante contadores que os titulares afectados instalarán pola súa conta e cargo.

Artigo 62. O Concello proverá os servizos de limpeza de zonas comúns, conservación e mantemento das instalacións precisas para asegurar o bo funcionamento do propio mercado.

Artigo 63. O Concello farase cargo da prestación dos servizos de desinfección, desinsectación e desratización das instalacións do mercado de abastos, cuxos traballos serán comunicados aos titulares dos postos con suficiente antelación, para o seu coñecemento.

TITULO VIII. RÉXIME DISCIPLINARIO.

Artigo 64. Cando se detecten infraccións para cuxa sanción sexa competente este Concello, procederase á instrución do correspondente expediente despois da subseguinte imposición da sanción que corresponda, se iso fose procedente.

Artigo 65. Se se detectasen infraccións para cuxa sanción non fose competente o Concello, darase conta inmediata destas á autoridade que corresponda, en especial, nos aspectos agraria e sanitario.

Artigo 66. Os titulares dos postos serán responsables, por si mesmos e polos seus colaboradores ou asalariados das faltas que cometan contra o presente regulamento e demais normativas en vigor que afecte ao comercio ou prestación de servizos nos postos de venda.

Artigo 67. As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves.

Son infraccións leves:

- a) A omisión da necesaria limpeza nos postos do mercado.
- b) Botar residuos e lixos nos pasos comúns, dependencias e zonas de confluencia do mercado.
- c) O abandono de envases e mercadorías en recintos comúns, incumprindo normas ou directrices establecidas ao respecto.
- d) A colocación do peso de forma que este non resulte claramente visible para os compradores.
- e) O incumprimento do horario establecido.
- f) Non ter exposto ao público, en lugar visible, os prezos de venda das mercadorías.
- g) Non ter a disposición dos consumidores e usuarios as follas de queixas e reclamacións.
- h) O incumprimento dalgunha das condicións establecidas na autorización municipal, que non constituía infracción grave.
- i) Calquera outra acción ou omisión que constituía incumprimento das obrigas deste regulamento e que non estea considerada como falta grave ou moi grave.

Son infraccións graves:

- a) Os altercados que produzan escándalo dentro do mercado ou das súas inmediacións, con resultados de lesións ou danos.
- b) As ofensas de palabra ou de obra á Administración, ao público e usuarios do mercado.
- c) Causar negligentemente danos ao edificio, postos e instalacións.
- d) O uso indebido ou sen autorización de bens ou servizos xerais.

Son infraccións moi graves:

- a) Roubos ou furtos dentro do mercado.
- b) Provocar disturbios no funcionamento normal dos servizos, impedindo a realización de vendas ou enfrontando gravemente aos usuarios entre si ou cos concesionarios ou o persoal do servizo.
- c) Actos ou omisións que impliquen resistencia, coacción ou ameaza á autoridade municipal e empregados municipais no desempeño das súas funcións.
- d) O incumprimento da resolución recaída como consecuencia dalgunha infracción cometida.
- e) Ocasionar danos importantes ao edificio, postos ou instalacións por dolo ou negligencia.
- f) A modificación da estrutura ou instalacións dos postos sen a preceptiva autorización

municipal.

g) A cesión non autorizada do posto ou o seu aluguer.

h) O peche do posto por máis de 2 meses consecutivos ou 3 meses alternos, sen causa xustificada.

i) O incumprimento grave das obrigas sanitarias ou das ordes recibidas en materia de limpeza e hixiene dos postos.

j) A venda de xéneros en malas condicións.

k) A venda doutros produtos polos que se concedeu a autorización do posto, sen a debida autorización do Concello.

l) O desacato ou negativa de subministrar información á Administración ou facilitala inexacta, ou documentación falsa, relativa ao exercicio da actividade autorizada no posto.

m) Reiterado incumprimento dos horarios e días de venda.

Artigo 68. As Sancións Aplicables Serán:

1. Para infraccións leves:

a) Apercibimento ou multa de ata 750 euros.

2. Para infraccións graves:

a) Multa de ata 1.500 euros.

3. Para infraccións moi graves:

a) Multa de ata 3.000 euros, e no seu caso,

b) Perda da titularidade do posto.

Artigo 69. Co límite máximo autorizado para cada tipo de infracción, a contía das multas fixarase tendo en conta as circunstancias do caso e os antecedentes do infractor, e en especial:

1. A existencia de intencionalidade ou reiteración.

2. A natureza dos prexuízos causados.

3. A reincidencia por comisión no termo de 1 ano de máis dunha infracción da mesma natureza.

Artigo 70. A imposición de sancións esixirá a apertura e tramitación do procedemento

sancionador, conforme ao réxime previsto no **Título IX da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común**, e no **Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto**, polo que se aproba

o **Regulamento do Procedemento para o Exercicio da Potestade Sancionadora**.

Artigo 71. Toda cuestión relativa ao funcionamento do mercado municipal non regulada no presente regulamento, será resolta pola alcaldía ou concelleiro responsable.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA.

A creación do novo mercado municipal supón a extinción automática dos dereitos preexistentes sobre os postos situados na planta primeira do edificio antiga praza de abastos.

Os titulares actuais de postos nos que se estea exercendo actividade, terán dereito preferente á adxudicación dun posto no mercado municipal, para a mesma actividade que viñan desenvolvendo,

Para estes efectos, concederáselles un prazo de 5 días para que manifesten a súa vontade ao respecto.

No suposto de que a súa vontade sexa afirmativa seguirase o procedemento previsto no **artigo 11 do presente regulamento** para a súa adxudicación directa, debendo, así mesmo, adquirir o dereito para o exercicio do comercio conforme ao disposto no **artigo 13 deste regulamento**.

Os adxudicatarios de postos no mercado municipal en aplicación desta disposición transitoria estarán plenamente suxeitos á regulación contida neste regulamento así como á **ordenanza fiscal reguladora da taxa por ocupación e uso do mercado municipal**

DISPOSICIÓN FINAL.

O presente regulamento, aprobado, inicialmente, polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria celebrada o día 30/1/2015, entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no **BOP de Lugo (BOP núm. , de data)** e será de aplicación despois de transcorrido o prazo de 15 días, dende o seguinte á súa publicación no dito boletín, ata a súa modificación ou derogación expresas.

